BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Luns, 19 de febreiro de 2018
Núm. 35

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CUNTIS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PISCINA, POLIDEPORTIVO MUNICIPAL E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina, polideportivo municipal e outras instalacións análogas, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar as seguintes tarifas:

1.Piscina Municipal:

De 0 a 3 anos a entrada é gratuita.

1.Epígrafe 1º:

a) Usuarios menores de 16 anos: 1 €/persoa /día

b) Usuarios dende 16 anos ata 60 anos: 2 €/persoa/día

c) Usuarios maiores de 60 anos: 1 €/persoa/día

2.Epígrafe 2º:

a) Cursos de natación para menores de 16 anos: 10,00 €/persoa/mes

b) Cursos de natación para usuarios dende 16 anos ata 60 anos: 15,00 €/persoa/mes

c) Cursos de natación para maiores de 60 anos: 10,00 €/persoa/mes

3.Epígrafe 3º:

a) Abono mensual menores de 16 anos: 25 €/persoa/mes

b) Abono mensual usuarios dende 16 anos ata 60 anos: 45 €/persoa/mes

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.es/verificacion-csv Código seguro de verificación:F8CAVWTNJTNT67C1

c) Abono mensual maiores de 60 anos: 25 €/persoa/mes

2. Polideportivo:

1. Epígrafe 1º:

a) Usuarios do polideportivo: 10,00 €/hora

b) En horario nocturno: 15,00 €/hora

En verán a partir das 21 horas

En inverno a partir das 19 horas.

2. Epígrafe 2º:

a) Bono para uso 2 horas semanales: 70 €/mes

3. Epígrafe 3º:

a) Usuarios do ximnasio (usos individuais) 2,00 €/persoa/día

b) Usuarios do ximnasio (usos colectivos) 7,00 €/hora

3. Epígrafe 4º:

a) Usuarios polideportivo e ximnasio por Entidades con personalidade xurídica: 450€ / Entidade/ano

3.Campos de Fútbol:

1. Epígrafe 1º:

a) Usuarios dos campos de fútbol: 100 €/2 horas.

b.) En horario nocturno: 120 €/ 2 horas.

En verán a partir das 21 horas

En inverno a partir das 19 horas.

2. Epígrafe 2º:

a) Usuarios para actividades con fins lucrativos: 200 €/actividade.

4.Pistas de atletismo:

1. Epígrafe 1º:

a) Usuarios das pistas: 1€/persona/hora

2. Epígrafe 2º:

a) Bonos mensuais de uso de pistas 3 horas semanais: 10 €/ mes

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.es/verificacion-csv Código seguro de verificación:F8CAVWTNJTNT67C1

3. Epígrafe 3º:

a) Reserva de pistas para clubes de atletismo: 120 €/mes

2. Procederase á celebración de convenios coas asociacións e clubs deportivos con sede no Concello de Cuntis para a fixación das condicións e horarios de uso das instalacións deportivas.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

1. Aplicarase unha bonificación do 100% da tarifa ás persoas en risco de exclusión social. Extremo que deberá ser informado polos Servizos Sociais do Concello de Cuntis previa solicitude do interesado. Esta bonificación terá validez para o ano natural no que se solicita, podendo solicitarse de novo.

2. Aplicarase unha bonificación do 100% da tarifa ás mulleres víctimas de violencia de xénero así como á súa descendencia en primeiro grao. Este extremo deberá ser acreditado por informe do Centro de Información á Muller.

3. Aplicarase unha bonificación do 40% da tarifa ás persoas demandantes de emprego que non reciban ningunha prestación, previa presentación do documento acreditativo emitido polo servizo público de emprego.

Estas bonificacións aplicarnase únicamente para as tarefas individuais, non puidendo solicitarse para as tarifas grupais ou usos colectivos.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.es/verificacion-csv
Código seguro de verificación:F8CAVWTNJTNT67C1